

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE MAIO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día 25 de maio de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia da Excma. Sra. alcaldesa, Sra. D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ reúnen, por medios presenciais, os concelleiros e concelleiras: D. ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, D. RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ, D.^a MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO, D. JAVIER VÁZQUEZ PRADO, D.^a FLORA RUBINOS ROIS, D.^a SILVIA COLMENERO GUZMÁN, D. AGUSTÍN GALLEGRO VIGO, DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY e a concelleira non adscrita D.^a MARÍA REIGOSA CASTRO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALLDÍA, MEDIO AMBIENTE, XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS HUMANOS, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

1. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a aprobación da nova organización municipal para a xestión do Pai Novo Norte, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (período de programación 2021- 2027).- Código proxecto 25PAI0000001.

ÁREA DE URBANISMO

2. LICENZAS.- Acórdase a aprobación das licenzas urbanísticas: para rehabilitación de edificio para apartamentos turísticos na rúa do Miño, 1 (expte: 2025/Y001/000310) e para a ampliación do IES Muralla Romana sito na rúa Angelo Colocci S/N (expte: 2025/Y001/000166).

Tamén se acorda a rectificación erro licenza para construír un edificio para 37 vivendas na parcela 3, da Unidade de Actuación CS-1 (Urpi-36) (expte: 2021/Y001/000136).

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac5792537264030681906.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-5-2026

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación no expediente de contratación da obra de mellora da pavimentación no núcleo rural de Castro Conturiz - San Amaro na parroquia de San André de Castro. obra incluída no Plan da Deputación de Cooperación cos Concellos 2025. Exp. ref.: 2026/C002/000002.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da obra de reforzo de firmes na glorieta da avda. Benigno Rivera con avda. Infanta Elena. Exp. ref.: 2026/C002/000004.

Acórdase a delegación de competencias no Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude para a resolución de tódolos actos de trámite, resolutivos e de execución en relación cos procedementos de contratación, de convenios de colaboración e autorizacións de dominio público co gallo da celebración do Arde Lucus e San Froilán 2026.

4. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase o nomeamento de representante na Xunta Directiva da Asociación Nacional de Entidades e Empresas Municipais de Servizos Funerarios e de Cemiterios (AFCM).

Fóra da orde do día

- Contratación da subministración de combustible para a calefacción e os grupos electóxicos do Concello de Lugo. Exp. Ref.: 2026/C004/00006. Adxudicación.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado.